



UNIDADE DIDÁCTICA INFANTIL Solucións



Concello de Mugardos



CALDOVAL

CENTRO DE INTERPRETACIÓN

Salve alumn@s e mestres/as!

Benvid@s ao Centro de Interpretación de Caldoval en Mugardos. Neste pequeno museo temos os restos do xacemento romano de Caldoval. Nada mais e nada menos que uns auténticos baños romanos que se atopaban á beira do mar en plena ría de Ferrol. Os baños foron escavados por un equipo de arqueólog@s e trasladados pedra por pedra a este centro no ano 2006 para que tod@s poidades visitalos e coñecelos.

Esta unidade didáctica é para os nenos e nenas que nos visitades e principalmente para @s que vides coas vosas escolas. Están pensadas para seren feitas durante e despois da visita. A nosa idea é que aprendades un pouco máis do mundo romano, dos seus baños e das cousas que se facían neles hai 2000 anos neste pequeno recanto da Gallaecia.

Son unha serie de exercicios e actividades de reforzo. Para resolvelos tedes case toda a información no museo, pero tamén podeades preguntarlle aos/ás monitores/as de Caldoval, aos vos@s profesores/as ou procurar os datos na nosa web.

Ánimo! Audentis Fortuna iuvat (A fortuna sorrí aos audaces).

Máis información:

Web: www.museocaldoval.gal



Mail: info@museocaldoval.gal

Teléfono: 687072116



I

Colorea os debuxos e escribe no cadrado o nome que lle daban os romanos a estas vasillas.




Á N F O R A S

II

Colorea esta silueta. É un barco. Os romanos tiñan barcos diferentes para a guerra e para transportar cargas.

Pon no cadro que tipo de barco pensas que é, de guerra ou de transporte?




G U E R R A

III

Agora pinta este outro barco. Fíxate que a forma é totalmente diferente. Será de guerra ou de transporte?

Escribe a solución no cadro que hai debaixo.




T R A N S P O R T E

IV

Estes animais apaRecían debuxados á porta dalgunhas casas romanas con un aviso escrito ao lado que dicía: "cave canem".


Une os puntos cunha liña e descubre que animal é. Escribe a solución no cadro.



C A N

V


Labirintos como este aparecían debuxados en moitos mosaicos romanos. Pero neste labirinto é difícil perderse. Debuxa o camiño cunha liña desde a entrada. Donde termina o camiño?



ENTRADA

VI

O debuxo da dereita aparece nun mosaico dunha vila romana. É unha deportista romana que está xogando a un xogo de pelota. No cadro da esquerda debuxa a persoa á que lle está pasando á pelota.




Mosaico da vila de Casale.
Piazza Armerina

VII

Este debuxo é unha reconstrución da vila romana de Noville. Tamén está en Mugardos, moi preto de Caldoval. Como podes ver estas vilas eran case como grandes mansións.

A este debuxo fáltalle algo de cor e de vida. Atrévete a pintalo e a debuxar as cousas que faltan? Podes pintar o mar, debuxar algún barco e se che apetece tamén os seus habitantes.



F. Pérez Losada (1996)

AMICORUM ESSE COMUNA OMNIA